



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN
DATA 4 DE SETEMBRO DE 2014.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D. Vicente Hermida Rodríguez., D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D. Antonio José Bouza Rodil, D^a. M^a Jesús Vale López, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. Cándida Méndez Salgado, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

AUSENCIAS:

D^a. Olaia Casas Chaves.

INTERVENTORA

D^a. Rosa Abelleira Fernández

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día catro de setembro de dous mil catorce, reúnen, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello. Excusa a súa asistencia D^a. Olaia Casas Chaves.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- TOMA DE POSESIÓN, NO SEU CASO, DA NOVA CONCELLEIRA D^a. MARÍA JESÚS VALE LÓPEZ E XURAMENTO OU PROMESA DO SEU CARGO.

Por parte da Secretaria Municipal dase conta ó Pleno da expedición da credencial de Concelleira pola Xunta Electoral Central, a favor de D^a. María Jesús Vale López, así como de que foi formulada a declaración de bens patrimoniais, e de causas de posibles incompatibilidades e actividades que podan proporcionar ingresos económicos, ós efectos da súa inscrición no correspondente rexistro de intereses, tal como está previsto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, polo que a interesada podería proceder á toma de posesión do seu cargo.

Por parte de D^a. María Jesús Vale López procédese a prestar xuramento do seu cargo según a fórmula seguinte, establecida no Real Decreto 707/1979, de 1 de abril:



“Juro por mi conciencia y honor cumplir fielmente las obligaciones del cargo de Concej/a del Ayuntamiento de Viveiro con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

Acto seguido, e tras considerar que se cumpriron os requisitos legalmente previstos para a adquisición da condición de Concelleira, o Pleno dá posesión a D^a. María Jesús Vale López do seu cargo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para comentar que a nova concelleira xa tomou posesión do seu cargo, quedando adscrita ó Grupo Municipal do P.P., dándolle a benvinda á Corporación e cedéndolle o uso da palabra, da que non fai uso.

2.- APROBACIÓN DE ACTAS DE DATAS 08/05/2014, 27/05/2014, 05/06/2014, 16/06/2014, 3/07/2014, 28/07/2014.

Non existindo observación algunha pro unanimidade apróbanse as actas de datas 08/05/2014, 27/05/2014, 05/06/2014, 16/06/2014, 3/07/2014 e 28/07/2014.

3.- TRANSMISIÓN DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA NO CEMITERIO MUNICIPAL.

Visto o expediente de transmisión intervivos dunha concesión administrativa no cemiterio municipal, dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.

Visto que no referido expediente consta escrito de solicitude e aceptación da nova titular.

Tendo en conta que no regulamento xeral dos servizos mortuorios do Concello de Viveiro, se establece a posibilidade da transmisión “inter vivos” da concesión, a solicitude do titular, considerándose como unha modificación na titularidade existente, non supoñendo interrupción no período da concesión orixinal, que se computará dende a concesión ó primeiro concesionario.

Tendo en conta que no citado regulamento se recolle así mesmo que é obriga do concesionario manter as instalacións existentes en óptimo estado de conservación e limpeza e a existencia de informe do encargado do cemiterio do que se desprende un estado relativo de abandono da mesma.

Non existindo debate sobre este punto, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión intervivos da concesión administrativa no cemiterio municipal, dos nichos sitios no Grupo: San Andrés, Cadro 8, Ringleira C, Números 1-2-3 e 4 do Cemiterio Municipal de Altamira, que figuraan a nome de D^a. Josefa Sánchez López, pasando a nome de D^a. Concepción Penabad Otero.

Segundo.- A modificación da titularidade concedida o punto anterior non supón interrupción no período da concesión orixinal, que se computará dende a concesión ó primeiro concesionario.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ós interesados, recordándolle á nova titular os deberes do concesionario recollidos no regulamento xeral de servizos mortuorios do Concello de Viveiro, entre



os que se atopa o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que sexa concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á oficina administrativa do cemiteiro para a confección do novo título de concesión a nome do novo titular, nos termos recollidos no presente acordo, así como para a notificación do presente acordo ós interesados.

4.- APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT APROBADA EN DATA 30 DE DECEMBRO DE 2006. EN EXECUCIÓN DA SENTENZA DICTADA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 481/2007.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se trata de executar unha sentenza, cunha modificación puntual da RPT, para o que se realizou unha Mesa Xeral de Negociación.

Visto o expediente de modificación puntual da RPT en execución da sentenza dictada no procedemento ordinario 481/2007, xunto coa proposta da Alcaldía de modificación puntual da RPT en execución da sentenza dictada no procedemento ordinario 481/2007 así como as observacións complementarias presentadas pola Alcaldía en relación á modificación da RPT, xunto con copia da acta da Mesa Xeral de Negociación e o informe de Secretaría.

Procédese á apertura do debate, intervindo en representación do Grupo Municipal D. Jaime De Olano Vela, para dicir que o seu grupo vai votar a favor de que se cumpra a sentenza, pero indica que se lamenta de que se tardase catro anos en executar, indicando que supón que se fai agora porque o seguinte paso serían as multas á Alcaldesa, e procede á lectura dun extracto do auto do TSXG no que se sinala que se trata dunha sentenza de fácil execución que non require colaboración da Deputación.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que na Comisión Informativa se informou que había máis sentenzas pendentes de execución que afectaban á RPT polo que o que se pretendía era modificar a RPT no seu conxunto para adaptala á legalidade en execución de todas as sentenzas pendentes.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo vai votar a favor, aínda que de lamenta a traxectoria na execución, poderíase aforrar o sufrimento a nivel persoal dos recurrentes se se houbera executado antes.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que o seu grupo está a favor e que se trata dunha execución dunha sentenza tarde, mal e arrastro, que hai que cumprir.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que dicir que houbo sufrimento parece demagogia, xa que a execución ós recurrentes non lles afecta nin retirrutivamente, e o equipo de goberno non lle consta tal sufrimento.

Non existindo máis debate sobre este asunto, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:



Primeiro.- Modificar a Relación de Postos de Traballo inicial aprobada por esta Entidade en data 30 de decembro de 2006, conforme ás indicacións que se recollen na sentenza referida, incorporando á mesma as especificacións que a continuación se indican:

- a) O sistema xeral de provisión dos postos de traballo que se relacionan na RPT será o Concurso, segundo a indicación que se reflicte no cadro anexo.
- b) Establecese, para cada posto da RPT de persoal funcionario, os requirimentos que debe cumprir o seu ocupante en canto á clasificación da praza ou prazas de procedencia, dentro da Escala Xeral ou da Escala Especial, e dentro destas, nas subescalas correspondentes, segundo os criterios que establecen os artigos 167 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, segundo se relacionan na columna correspondente do cadro anexo.
- c) O Réxime Xurídico dos postos de carácter administrativo e do persoal subalterno (conserxes), para aqueles postos que figuraban adscritos ao réxime laboral, pasa a ser o que se reflicte na columna de réxime xurídico no cadro anexo.

Segundo.- Incorporar as modificacións referidas no punto anterior ao instrumento organizativo inicial (RPT), aprobado no seu momento en data 30 de decembro de 2006, modificacións que se recollen no cadro anexo (destacados en sombreado), e que son as modificacións exclusivamente aprobadas, que se adxuntan ó resto de apartados aprobados no seu día (que a día de hoxe e froito dos sucesivos acordos adoptados levan sufrido modificacións), co único obxectivo dunha mellor visualización polo Tribunal dos aspectos que exclusivamente se aproban neste acordo, para a execución da sentenza referida:

- a) Na columna rotulada con “F. provisión” recóllese o sistema de provisión de cada posto, determinándose que sexa mediante o sistema de CONCURSO.
- b) Na columna rotulada “ESC/SUB” establécese a escala e subescala da praza ou prazas de procedencia dos respectivos ocupantes de cada posto relacionado, do réxime xurídico funcional.
- c) Na columna rotulada “Réxime Xurídico” determinase a adscrición ao respectivo réxime xurídico dos postos de traballo, incluídos na RPT, de carácter administrativo e os do persoal subalterno (conserxe). En consecuencia modifícase o Réxime xurídico dos seguintes postos de traballo:
 - a) Postos de administrativos e auxiliares: Códigos 041, 042, 043, 044, 045, 046, 047, 048-S, 050, 077, 0100, 0101, 0102-S, 0103 e 0104.
 - b) Postos de subalternos (conserxe): Códigos 0114, 0115, 0116, 0117, 0118, 0119, 0120, 0121, 0123, 0124, 0125, 0126, 0127 e 0128.



ANEXO CLARIFICATIVO DAS MODIFICACIÓNS APROBADAS

(NOTA: INTRODUCIR ANEXO EN EXCEL.)

Cuarto.- Proceder á publicación da presente modificación segundo o establecido nos artigos 90 da LBRL, 127 do TRRL e 169 do TRLRFL, por parzo de 15 días, durante os que se poderán presentar reclamacións. De non presentarse as mesmas este acordo de aprobación entenderase definitivo.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

5.- ADHESIÓN Ó CONVENIO BILATERAL CO ORGANISMO AUTÓNOMO XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO.

Atopándose este punto dictaminado pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Local, Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se trata dunha adhesión ó convenio bilateral coa Xefatura Central de Tráfico, que non lle supón custo económico ó Concello.

Procédese á apertura do debate, intervindo en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, para dicir que o seu grupo está a favor, sendo lóxica esta postura xa que foi unha iniciativa do grupo municipal do P.P., que data de fai 15 meses, aprobada nun pleno de xuño de 2013. Apunta que este convenio recolle principios de colaboración e eficiencia evitando que os veciños teñan que acudir a Lugo apra a realización de trámites.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo vai votar a favor.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo non vai entrar en debate sobre os aforros ós cidadáns de ira a Lugo, porque non atopan tantos aforros nese sentido no convenio. Apunta que o seu grupo está a favor de que se trasladen os



trámites á menor distancia coas cidadáns. Engade que o i.V.i. tamén plantexou acercar a tramitación xudicial ós cidadáns e o P.P. non opinou o mesmo.

Non existindo máis debate sobre este punto, por unanimidade acordase:

Primeiro.- Adherirse ó convenio bilateral co organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Policía Local ós efectos de levar a cabo as tramitacións necesarias en orde á materialización de dita adhesión.

6.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCIZO 2014 E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.

Visto o expediente do orzamento municipal para o exercizo 2014 e a súa documentación complementaria, que foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía.

Intervén a Sra. Alcaldesa que procede á apertura do debate, concedéndolle a palabra á concelleira do Grupo Municipal do P.S.O.E., D^a. Covadonga Viamonte Aguiar.

Intervén D^a. Covadonga Viamonte Aguiar para dicir que por fin neste día se poden presentar no Pleno da Corporación os orzamentos para o 2014. Sinala que se trata duns orzamentos realistas, que cumpren todas as regras de gasto e débeda pública así como todas as esixencias do Ministerio. Sinala que de momento non se está a cumprir o período medio de pago de facturas, pero con este orzamento póñense as bases para reduci-lo, que se trata dun orzamento pensado para os veciños e veciñas de Viveiro. Di que nos últimos anos, coa crise, todas as Administracións reduciron no que é importante para a xente (educación, sanidade, cultura e asuntos sociais), e que en Viveiro o equipo de goberno ten claro en que non se pode reducir nestas prestacións. Así apunta qu ea teleasistencia a pagaba o Ministerio de Asuntos Sociais, e agora non a paga, pero a xente de Viveiro segue a ter este servizo de forma gratuita grazas á financiación do Concello. Di tamén que se mantén e se aumenta o servizo de axuda no fogar porque hai un embellecemento da poboación, aumentándose tamén a partida referente á gardería para dar un mellor servizo. Tamén se seguen mantendo as partidas adicadas á educación (case un millón de euros en salarios para manter un conservatorio e servizos que debería asumir a Xunta de Galicia). Sinala que este orzamento tamén está pensado para pagar as facturas que se xeran, cunha partida de aproximadamente cincocentos mil euros para facturas do exercizo 2013. Engade que este orzamento se presenta co orzamento consolidado das sociedades mercantís municipais, figurando así mesmo cuantificada a débeda con Viaqua por importe de 700.000 euros, xa que non se aprobaron ordenanzas que se pretendía aprobar para facer fronte a este gasto. Conclúe sinalando que se trata dun orzamento pensado para a xente de Viveiro, un orzamento real, cun importe duns doce millóns de euros, que no orzamento consolidado coas sociedades mercantís dá un superávit de 50.000 euros.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que se alegra de que os orzamentos se podan debatir e votar co número total de concelleiros, agradecendo ó grupo municipal do B.N.G que se executase o espírito democrático e se apoiase na Comisión Informativa que os orzamentos non viñesen ó Pleno ata ter no mesmo o número total de concelleiros, non como os que se abstiveron ou o P.S.O.E. que quería traelos a Pleno sen un concelleiro do grupo



do P.P., coa imposibilidade de que o 100% do Pleno votase. Manifesta que é habitual que o equipo de goberno presente os orzamentos fóra de prazo, xa que chegan con 8 meses de retraso, que coa tramitación necesaria para a súa aprobación definitiva terían uns 3 meses de vixencia, polo que cando terían que estar preparando os orzamentos para 2015 traen os orzamentos de 2014, pedindo que se retiren e se traigan os de 2015. Sinala que o equipo de goberno non cumpre nin o que se aproba en Pleno, xa que en outubro de 2013 votaron a favor de presentalos antes de fin de ano. Apunta así mesmo que non se deu a oportunidade á oposición de participar na súa elaboración, polo que se tran uns orzamentos sen consensuar tendo en conta a maiores que se está gobernando en minoría. Di que sempre se queixan de que o Estado aporta pouco ó Concello cando foi o Estado o que o salvou da bancarrota co plan de pago a provedores, o incremento das transferencias do Estado e o aprazamento da devolución de ingresos indebidos. Sinala que técnicamente están ben elaborados, felicitando ó persoal encargado da súa elaboración, pero di que o grupo do P.P. non está de acordo coas directrices que se dan para a súa elaboración.

Intervén a Sra. Alcaldesa, para dicir que no pleno de xullo anterior, o concelleiro do P.P. podía asistir ó Pleno, pois aínda non se tomara polo Pleno en consideración a súa renuncia, e mentres isto non sucedía podía asistir ós Plenos porque seguía sendo concelleiro, sinalando que o equipo de goberno non sabía se ía vir ou non polo que se non viña era porque non quería, pero sí podía vir. Apunta que se anunciara que os orzamentos se ían traer ó Pleno en xullo, e que se non se trouxeron antes foi porque surxiron acontecementos desgraciados que non permitiron facelo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que se o seu grupo apoiou que non se trouxesen ó Pleno os orzamentos cun concelleiro menos na corporación foi porque se trata dunha cuestión xa de mera cortesía, e que se noutromomento puntual falta un concelleiro, como sucede neste pleno é por cuestións persoais momentáneas. Sinala que o portavoz do P.P. dixo que o goberno do Estado salvra ó Concello de Viveiro, considerando que non foi así, senón que a quen salvou foi á gran banca, xa que se deu un préstamo cuns xuros altos, poloque axudaron, pero aínda máis á banca, e o Concello segue hipotecado durante dez anos. Procede a unha análise do orzamento sinalando que non figuran practicamente investimentos, e que no alumeado público lles gustaría coñecer o que vai gastado xa no 20134, así como na partida que se refire a traballos realizados por outras empresas, cun importe duns 7.000 euros, que contan que xa estarán superados. Di que están de acordo co que se gasta en servizos sociais, preguntándose se existe un erro respecto ó plan de desenvolvemento xitano, xa que figura recollido un ingreso moi superior ó gasto que se reflexa. Apunta que o seu grupo está de acordo con que se siga mantendo o conservatorio, facendo fincapé en que o Concello está asumindo un gasto importante en conserxes, luz, etc, dos centros educativos que lle correspondería asumir á Xunta de Galicia. Di que non entenden por qué se fan partidas xenéricas en cultura, para gastos en outras empresas, gastos diversos, etc. Tamén manifesta que figuran 0 euros para asociacións culturais, e que na partida de festas figuran 3.000 euros para as comisións, preguntándose para cales, figurando tamén 278.000 euros de forma xenérica para festas, que deberían aparecer desglosados. Considera que a política deportiva se anula e a turística non existe. Recalca que a política do P.S.O.E. era nonf acer os orzamentos, polo que fose en xullo ou en setembro estarían fóra de prazo, e tendo en conta o momento no que se tran ó Pleno deberían vior acompañados dun estado de execución para poder coñecer como se atopan a día de hoxe as partidas. Dique estes orzamentos son o reflexo dun goberno fóra de xogo, sen políticas novedosas, coa simple espera de aguantar ata o mes de maio, non contando con políticas activas de emprego e sen inversións. Engade así mesmo que se trata dun documento elaborado sen diálogo algún, cando se está gobernando en minoría, no que non participan os prtidos, sindicatos, asociacións, etc, sendo un documento composto de partidas totalmente xenéricas, o que fai do mesmo un



documento insuficiente. Sinala que abandonan ás asociacións deportivas e culturais, e non entenden como un goberno de esquerdas pode dar un golpe tan grande a este aspecto, engadindo que o Concello de Burela si axuda e non é de esquerdas. Tamén apunta que abandonaron as políticas de mocidade, seguindo cun exceso de gasto en festas, existindo continuidade nas políticas de goberno, preguntándose se para o 2015 os orzamentos van chegar ó Pleno en prazo. Anuncia que o seu voto vai ser un voto contrario agás que se retiren e se negocien cos demais grupos e se mire a delicada situación de Viveiro, e polo tanto se garanticen os servizos máis alá do 2015, xa que o futuro está hipotecado grazas ós xuros do P.P. e ás xestións do P.P. e do P.S.O.E.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que en primeiro lugar quere facer unhas aclaracións ó discurso do grupo do P.P., indicando que na Comisión Informativa non se puxeron impedimentos a que se cambiase o Pleno, considerando que o concelleiro do P.P. tamén puido presentar a súa renuncia antes. Engade que a credencial do novo membro do grupo do P.P. non chegou en tres días como afirmaban e que tamén hoxe se podería entón aprazar o pleno porque falta unha concelleira, e neste caso non falta por irse para un retiro glorioso. Sinala que non entende estas posturas de pedir que se retiren os orzamentos, xa que primeiro se pelean para que veñan ó Pleno e cando veñen piden que se retiren. Di que o seu grupo distribuiría os gastos doutra maneira, pero non é lóxico pedir a retirada agora cando houbo previamente dúas Comisións Informativas e alí non se pediu. Apunta a que todos saben que veñen fóra de prazo, pero son uns orzamentos que se axustan á realidade porque se trata dunha dación de conta, xa que está rematando o exercizo e tívose que recoller o que se leva gastado e comprometido, considerando que os ingresos se axustan á realidade e que os orzamentos técnicamente están ben elaborados. Di que cada grupo pode ter prioridades diferentes, e dende o seu grupo están de acordo coa política social, aínda que se podería gastar, pero para gastar máis nun sitio hai que mirar de onde se quita, porque os ingresos son os que son. Di que o seu grupo presentou mocións para que a Xunta de Galicia asumise o conservatorio, xa que o Concello está asumindo custos que corresponden a outras Administracións. Apunta que se deberían realizar canto antes os orzamentos do 2015, considerando preocupante a débeda pero crendo que se vai dar outro ano de carencia xa que o partido que goberna o Estado se xoga moitas alcaldías. Sinala que os gastos en persoal supoñen unha porcentaxe alta, que si habería que recortar por exemplo amortizando prazas de traballadores que se xubilen, non propoñendo que se vote a ninguén. Conclúe que os orzamentos que se presentan son moi aproximados á realidade deste Concello.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D^a. Covadonga Viamonte Aguiar para dicirlle ó grupo do P.P. que si este Concello ten a situación que ten o P.P. non lle deu nada nin lle fixo ningún favor, xa que lle concedeu a Viveiro un préstamo duns nove millóns de euros a un tipo de interés do 6% que pagarán os veciños, co que isto é un beneficio para a gran banca, xa que incluso se nos esixía con que bancos había que asinar o préstamo e que importe con cada un deles, polo que financiamos por segunda vez á banca, preguntándose se ó baixar ó tipo de interese tamén llo baixan ós Concellos. Di que este orzamento ó mellor recolle poucos investimentos, pero resalta que as inversións en Viveiro nos últimos dez anos son bastante cuantiosas e poden verse. Apunta a que as partidas están ben explicadas e cos informes pertinentes, e que ó mellor se olvidaron da promoción do emprego, pero é un aspecto que corresponde a outras Administracións. Dille ó portavoz do B.N.G. que critica que se gastou moito en festas, pero hai que ter en conta que en xullo houbo máis de 200 contratos e en agosto máis de 400, que se non houbo inversión en turismo e en festas non os habería. Respecto ó plan xitano sinala que se van invertir as cuantías que figuran en ingresos e máis que figuran cuantificadas no orzamento. Sinala que o portavoz do B.N.G. forma parte dunha asociación e coñece que non recibe subvencións económicas pero moitas axudas, polo que ó mellor



gusta que aparezan subvencións determinadas no orzamento, pero hai que recoñecer que perciben axudas, con locais, luz, auga, infraestructuras e persoal. Engade que non é certo que se abandone a actividade deportiva, xa que se leva o mantemento dende o Concello os pavillóns e campos de fútbol, con gastos correntes e de persoal. Apunta que ningunha asociación paga nada polo uso das instalacións, polo que se lles está axudando, ademáis de realizarse este verán dende o Concello actividades deportivas. Respecto á xuventude di que hai unha partida de 4.500 euros que apareza como tasl pero os bonos para os estudantes de fóra tamén é apoio á xuventude, xa que onde outros reducen as becas o Concello de Viveiro fomenta que os rapaces podan saír estudar fóra. Di que estes orzamentos poden gustar ou non pero son pensados para os veciños e veciñas de Viveiro. Manifesta que ó equipo de goberno lles gustaría facer máis cousas pero a realidade é a que é e hai que repartir os ingresos. Di que traían os orzamentos no mes de xullo e retiráronse, polo que alá cada un, e engade que no mes de agosto no BOP case todos os días saía a publicación de orzamentos, tamén de Concellos gobernados polo P.P. e polo B.N.G.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. , D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que co transcurso do debate parece que os orzamentos os está presentando o P.P. Di que hai datos que son obxectivos, e que aínda que viñeran ó Pleno en xullo virían tarde. Engade que dende Secretaría se comunicou o luns 11 de agosto que chegara a credencial da concelleira do P.P. polo que dende esa data se puido ter convocado un pleno extraordinario, que nalgúns ocasións se convocou para poñer unha placa. Apunta que respecto ós estudantes espera que este ano non pase como o ano anterior, e di que as becas non baixaron senón que aumentaron entre un 10% e un 20%. Sinala que como non van retirar os orzamentos do 2014 para o 2015 deben revisalos e sinala o que consideran dende o grupo do P.P. Di que deben revisar os capítulos de gastos de persoal, que supoñen un 40,7% do gasto total, uns catro millón novecentos mil euros, polo que é un gasto moi elevado. Di que o informe de Intervención sinala a conveniencia de dispor dunha RPT que recolla a valoración de cada posto, sinalando que agora se están a dar gratificacións de ata cincocentos euros mensuais sen que se xustifiquen as causas obxectivas das mesmas. Respecto ó capítulo 2 de gastos correntes tamén apunta que é moi elevado, ascendo case a mil millóns das antigas pesetas, o que tamén se sinala no informe de Intervención, polo que debería reducirse para evitar os recoñecementos extraxudiciais de crédito procedentes de facturas de caixón dos anos anteriores. Di que no capítulo 4 teñen que inxectar 50.000 euros ás sociedades municipais o que demostra como é a súa xestión, con sociedades que incorren en déficit, e non se adoptaron medidas tampouco respecto á piscina, polo que parece que persiguen que sexan disoltos a finais de 2015. Engade que tampouco aparecen recollidas partidas para execución de sentenzas, aumentando a partida para honorarios de abogados, cando podían defender ó Concello os propios servizos xurídicos dos que dispón. Apunta que debería haber medidas para aforro enerxético porque retirar farolas para logo malvendelas non funciona. Respecto ós custos de festas figuran moitos en gastos diversos, que di logo repartirá o goberno municipal como queira. Con todo o que se podía aforrar tendo en conta estes aspectos sinala que se podían realizar inversións, como a traída de auga de Chavín, etc. Engade que eliminan a política deportiva, non figurando ningunha subvención para as asociacións do Concello, destinando 30.000 euros para repartir arbitrariamente. Tamén considera que se aforraría integrando en servizos sociais a atención ó emigrante. Consideran insuficiente a partida de 4.200 euros para a conservación de praias, sendo xa ridículo o orzamento para este fin dende sempre pola cabezonería do antecesor na alcaldía. Di que se aumenta o gasto en atencións protocolarias en órganos de goberno, reservándose grandes cantidades para gastos diversos. Sinala que o gasto en telecomunicacións é elevado e 34.000 euros en gastos postais é excesivo. Engade que a cantidade en inversións supón un 2,05% dos gastos, o que non axuda a crear emprego nin a dinamizar, basando as inversións soamente nas subvencións. Di que se



trata duns orzamentos para facer o paripé e reiteran que se retiren e presenten en tempo e forma os do 2015.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que se trata duns orzamentos continuistas, non existindo unha política definida agás a de servizos sociais. Recoñece que hai certa colaboración coas asociacións, e pídelles á concelleira D^a. Covadonga Viamonte Aguiar que non confunda a súa participación política coa participación en asociacións. Di que ningunha asociación pide grandes axudas senón que cunha pequena axuda poden sair adiante. Sinala que hai orzamentos que tamén chegan tarde noutros concellos, e se noutros concellos fixeron o mesmo que en Viveiro tamén o fixeron mal. Manifesta que o P.S.O.E. en Viveiro goberna en minoría e non dialogaron os orzamentos con ninguén, que traen uns orzamentos dun xeito que nada ten que ver coa esquerda e o socialismo, engadindo que na Deputación de Lugo son “participativos”. Engade que técnicamente están ben elaborados, e só faltaría que se trouxesen uns orzamentos que non cumprisen coa estabilidade e regra de gasto, manifestando que están en contra de como se elaboran.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que está debatindo sobre o mesmo, que o seu grupo non defende os orzamentos presentados, que os defenda quen os presenta, engadindo que daría prioridades a outros gastos e que se fosen participativos poderían dar a súa opinión. Di que se apuntaron medidas que se poderían tomar e que se votou a favor de gastos que agora se critican. Di que lles gustaría incrementar todas as partidas, pero hai que dar prioridades ós cidadáns e ós servizos. Tamén apunta que o Concello non está para crear emprego, porque non ten capacidade económica para facelo, e recalca que dende o i.V.i. se propuxeron alternativas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o grupo do P.P. leva dous plenos dicindo que sobra xente, e solicítalles que digan con nome e apelidos quen sobra. Sinala que o seu antecesor invertiu en Viveiro máis de corenta millóns de euros, e presenta un listado de inversións que lles invita a recoller. Engade que invertir nas persoas tamén é inversión e oxalá a Xunta de Galicia e o Estado invertisen en política social, xa que entón non se estaría na situación que se está. Di que se traballa con Administracións que teñen máis capacidade económica que o Concello, e non é a Xunta nin o Estado, e ue pronto habrá inversións. Respecto ó transporte escolar di que se fixo todo o procedemento de forma correcta e a Xunta de Galicia tardou un ano en outorgar a autorización, e foi por ese motivo polo que non puido prestarse o servizo. Engade que non houbo ningún Concello de Galicia que invertise tanto en instalacións deportivas como o Concello de Viveiro. Manifesta que a política social é importante tamén é inversión manter o servizo de axuda no fogar, a emerxencia social e a colaboración cos estudantes, a inversión en educación, etc, xa que a Xunta de Galicia non asume os gastos da súa competencia, apuntando que lles gustaría colaborar máis cont o das asociacións pero que os ingresos son os que son. Di que gobernan en minoría pero que nas Comisións Informativas ninguén faga e ninguén propón nada, Comisións Informativas que antes nunca se facían.

Non existindo máis debate procédese á votación, que transcorre do seguinte xeito:

Primeira votación: 8 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E. e i.V.i e 8 votos en contra correspondentes ós grupos do P.P. e B.N.G.

Segunda votación: 8 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E. e i.V.i e 8 votos en contra correspondentes ós grupos do P.P. e B.N.G.

Desempata a votación o voto de calidade da Sra. Alcaldesa, polo que co voto a favor mediante o voto de calidade da Sra. Alcaldesa o Pleno da Corporación acorda:



Primeiro.- Aprobación inicial do Orzamento Xeral ou consolidado que ascende a 12.447.989,71 € en ingresos e 12.390.868,24 € en gastos para o exercicio 2014, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostibilidade financeira, integrado polo do propio Concello que ascende a 12.026.911,48 € en ingresos e gastos, o prorrogado da empresa Turviveiro, S.L., que ascende a 277.870,00 € en ingresos e 276.386,22 € en gastos, e o prorrogado da empresa Aparcamientos de A Mariña, S.L. que ascende a 143.208,23 € en ingresos e 137.570,54 € en gastos, có seguinte resumen:

INGRESOS

C.	DENOMINACIÓN	AYUNTA M.	TURVIVE IRO, S.L.	APAR. DE A MARIÑ A, S.L.	TRANS F. INTER NAS	CONSOLID AC.
1º	Impuestos Directos	4.629.206, 67	0,00	0,00		4.629.206,67
2º	Impuestos Indirectos	110.000,00	0,00	0,00		110.000,00
3º	Tasas y otro Ingresos	3.307.889, 96	277.870,00	28.000,00		3.613.759,96
4º	Transferencias Corrientes	3.917.406, 85	0,00	28.208,23		3.945.615,08
5º	Ingreso Patrimoniales	56.408,00	0,00	77.000,00		133.408,00
6º	Enajenación de Inversiones Reales	0,00	0,00	10.000,00		10.000,00
7º	Transferencias de Capital	0,00	0,00	0,00		0,00
8º	Activos Financieros	6.000,00	0,00	0,00		6.000,00
9º	Pasivos Financieros	0,00	0,00	0,00		0,00
	TOTAL	12.026.911 ,48	277.870,00	143.208,2 3		12.447.989,71

GASTOS

1º	Gastos de personal	4.903.742, 64	193.977,22	106.069,0 0		5.203.788,86
2º	Gastos en bienes corrientes y servicios	5.633.703, 42	81.659,00	31.451,54		5.746.813,96
3º	Gastos Financieros	567.284,03	750,00	50,00		568.084,03
4º	Transferencias Corrientes	295.937,84	0,00	0,00	- 50.000, 00	245.937,84
6º	Inversiones Reales	246.632,44	0,00	0,00		246.632,44
7º	Transferencia de Capital	0,00	0,00	0,00		0,00
8º	Activos Financieros	6.000,00	0,00	0,00		6.000,00
9º	Pasivos Financieros	373.611,11	0,00	0,00		373.611,11
	TOTAL	12.026.911 ,48	276.386,22	137.570,5 4	50.000,0 0	12.390.868,24



Segundo.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

Terceiro.- Aprobar o cadro de persoal comprensiva de tódolos postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, nos termos en que aparece no Anexo de Persoal do Orzamento. O presente Anexo de Persoal foi confeccionado a partir do Convenio Colectivo do persoal Laboral e do Acordo Marco do persoal funcionario do Concello de Viveiro vixentes.

Cuarto.- Aprobar o límite de gasto non financeiro para 2014 ascendente a 11.815.673,59 € e a masa salarial do persoal laboral ascendente a 2.403.020,85 €.

Quinto.- Dación de conta do Anexo de Inversións do 2014.

Sexto.- Manter as modificacións orzamentarias efectuadas no orzamento prorrogado.

Sétimo.- Expoñer ó público o acordo de aprobación inicial, previa inserción de anuncio no B.O.P., nos termos regulados no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e consideralo definitivamente aprobado no caso de que durante tal exposición non se formulase reclamación algunha, en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Oitavo.- Remitir copia do expediente, recaída a aprobación definitiva, ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no artigo 169.4 do Real Decreto 2/2004.

7.- DESIGNACIÓN DAS FESTIVIDADES LOCAIS PARA 2015.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que na Comisión Informativa tendo en conta que o San Roque no ano 2015 cae domingo decidiuse por unanimidade o traslado para o día 17, que é luns.

Intervén en representación do B.N.G., D. Manuel Galdo Dopico para dicir que o seu grupo despois de pensalo considera que non lle parece axeitado o día 17, proque son tres días festivos consecutivos e nun mes forte para o comercio, polo que propoñen que por unha vez e de forma puntual se pase o festivo ó día de San Xoán, porque Covas é unha parroquia de moita poboación. Indica que na Comisión Informativa mostrou o seu acordo co día 17 de agosto, pero despois de pensalo entenden que deben propoñer o día 24 de xuño.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que dende a Alcaldía na Comisión Informativa se propuxo xa o 24 de San Xoán pero logo considerouse que para non agraviar a ningunha parroquia, decidir o día 17 de agosto, pero manifesta que o seu grupo non ten problema en consensuar o día 24.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Manuel Galdo Dopico para dicir que non lle gusta cambiar de opinión despois da Comisión Informativa pero non considera axeitado o día 17 de agosto.



Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que o seu grupo non quería entrar no xogo de fixar festivos de parroquias, pero non lles importa apoiar o 24 de xuño sempre que sexa algo puntual.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que o comercio non vai estar tres días pechado, e dende este grupo propoñíase o luns de Naseiro, pero non trasladar o festivo a unha parroquia.

Intervén D. Guillermo Leal Arias para dicir que a Comisión Informativa non serve para nada, e que tendo dictaminado a Comisión o día 17 de agosto non pode votarse agora outra data.

Intervén a Sra. Alcaldesa para preguntarlle á Secretaria Municipal se é posible neste pleno votar sobre a data proposta polo B.N.G., o 24 de xuño.

Intervén a Secretaria Municipal para dicir que tal e como se establece no ROF podería modificarse o acordado na Comisión Informativa seguindo os pasos estipulados en dita norma.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que non está de acordo e pon como exemplo que no punto anterior se votaron uns orzamentos propostos e entón podería chegarse ó Pleno e que un grupo cambiase as cantidades, polo que non servirían de nada as Comisións, polo que solicita que en todo caso se retire o punto ata o seguinte pleno.

Intervén a Secretaria Municipal a petición da Sra. Alcaldesa para dicir que no Pleno incluso se pode votar unha proposta que non conte con dictame, sempre e cando se acorde previamente a súa urxencia e se vote. Engade que incluso sí é certo que se un grupo municipal no suposto dos orzamentos presentase outros totalmente diferentes, poderían debatirse e incluso aprobarse estes sempre que se seguise o procedemento previsto no ROF para elo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que tendo en conta as discrepancias manifestadas polo grupo do i.V.i. para a votación neste momento do día 24, propón a retirada do punto da orde do día, acordándose por unanimidade a retirada para debatir sobre o día festivo noutra Comisión Informativa.

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. PARA APOIAR A REFORMA DA LEI ELECTORAL E PROMOVER A ELECCIÓN DIRECTA DE ALCALDE.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P.. D. Antonio Bouza Rodil, que procede á lectura da moción, que en resumo di que o artigo 140 da CE establece que os alcaldes serán elexidos polos concelleiros ou polos veciños, polo que a CE contempla a posibilidade de que os alcaldes sexan elexidos directamente polos veciños, e incluso en 1978 o goberno de Adolfo Suárez presentou un proxecto de lei de Eleccións Locais que prevía a designación automática como alcalde do cabeza de lista da candidatura máis votada. Tamén en varios países do entorno, como Francia e Portugal se contempla este extremo. No programa electoral do P.S.O.E. no ano 2004 volveuse a plantexar a elección directa e no programa electoral do P.P. en 2011 xa se decía que promoverían a reforma do sistema electoral municipal para respetar a vontade maioritaria dos veciños, garantizando ó mesmo tempo a estabilidade dos concellos. Cosnidera o grupo do P.P. que debe reforzarse a lexitimidade popular e representativa dos alcaldes, facilitando a gobernabilidade e garantizando a estabilidade durante o mandato electoral, polo que propoñen adoptar o acordo de manifestar a vontade desta



Corporación de que se adopten as modificacións legais oportunas que garanticen o respecto á vontade maioritaria dos cidadáns e a estabilidade do Concello, de tal maneira que o cabeza da lista máis votada nas Eleccións Locais sexa elixido alcalde.

Intervén a Sra. Alcaldesa, para dicir que se sorprende de que o P.P. sempre que se presenta unha moción de isntar ó goberno do Estado e Xunta din que non serve de nada e agora presentan esta moción. Apunta que o seu grupo vai votar en contra porque o P.P. quere asegurar o goberno para as próximas eleccións, porque sabe que vai perder maiorías absolutas, xa que saben que houbo cambios nas eleccións europeas. Indica que o P.S.O.E. fixo autocrítica pero o P.P., e recorda o caso de Santiago de Compostela, con 3 alcaldes, 12 concelleiros e 7 non elixidos polos veciños. Di que o P.P. en febreiro de 2013 dixo que a reforma se faría cun gran consenso, pero agora xa non buscan consenso algún, con esta reforma que plantexan a cidadanía pasa a ser de primeira e de segunda, porque os votos non terán o mesmo valor.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que a participación nas eleccións europeas foi do 50%, e agora o que pretende o P.P. é dar un golpe á democracia, volver ás listas máis votadas, e plantexan co 40% dos votos esa lista sería a que máis concelleiros tivese, consideran a maioría o 40%. Respecto ós pactos poden funcionar mellor ou peor en cada sitio, pero hai unha democracia representativa, a que dan os veciños. O P.P. quere minorizar ós minoritarios, polo que o seu grupo vai votar radicalmente en contra. Tamén en vez de reducir deputados, poden aumentalos e baixarlles o salario, cambiar a Lei D'Ont, que participe a cidadanía, referendums para grandes decisións... Manifesta que o P.P. debería deixar de trampear a democracia, co medo a perder gran parte dos concellos, xogando con trampas para gañar.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para propoñer a modificación do acordo proposto, listas abertas e que cada cidadán vote ó concelleiro do grupo que sexa e que sexa alcalde o que máis votos saque, e sería bo facelo para o Congreso e para o goberno da Xunta, e iso sí sería o máis democrático.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que non se vai aceptar a modificación do acordo proposto, porque formaría parte do debate da reforma electoral, e hoxe non se está a falar diso.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, apra dicir que o grupo do P.P. o que pretende é facer cargos hereditarios como en Ourense con Baltar, ou o que pasou en Santiago, onde se quedan cun único representante e a dedo poñen o resto, e ese é o sentido democrático do P.P. Consideran que é democrático polo que están refrendados para facelo polo voto maioritario a ese programa, indicando que o incumpriron cae todo, e procede a relatar un exemplo deses incumprimentos: a non subida de impostos, decindo que foi cando máis se subiron, as transmisións patrimoniais ó 10%, o IVA..., non ó copago, e engade que llo digan ós que teñen que pagar os medicamentos, e se vas a urxencias ó ambulatorio ós 15 días chégache unah nota para xustificar de que foi, as becas baixaron, subiu a enerxía, cargáronse dun p lumazo coa reforma laboral o que ós traballadores lles levou moitos anos conseguir, cita tamén a amnistía fiscal, o rescate ós bancos, tamén engade que dcdurante a etapa de Rajoy os recortes foron moitos. Tamén apunta que os investigadores teñen que ir a outros países para seguir co seu traballo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que o P.S.O.E. noutros anos como o 2004 estaba disposto a falar da reforma electoral, e indica que un sis-



tema onde o que gana non goberna e goberna o que perde algo falla. Non se trata de facer trampas senón dun debate, o que se intenta facer faise en tempo e forma, estaba no programa electoral que tivo un apoio da ampla maioría. Engade que hai dúas alternativas realizar unha reforma para que governe o gañe ou que governe o que perde, como pasou en Viveiro, que houbo reunións en restaurantes para elixir o Alcalde. Dille ó portavoz do grupo do i.V.i. que están acostumados ó seu debate contra o P.P., e que cando estaba na Deputación era mudo e agora re na man de quen lle deu de comer.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G. D. Bernardo Fraga Galdo para preguntarse quen gaña e quen perde, dicindo que no Pleno está a representación dos veciños de Viveiro, e di que gañaría quen tivese a maioría absoluta dos votos e como non contan con iso queren cambiar as regras do xogo. Respecto a que sexa un punto que estaba no programa do P.P. sinala que debe ser o único punto do programa electoral que cumpran. Engade que os grupos da oposición xa se mostraron en contra desta reforma, polo que non se pode falar de debate, xa que non propoñen sen máis unha reforma senón que xa din claramente como van a facer esa reforma. Apunta que reunións en restaurantes non só as houbo para elixir o Alcalde.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que non lle gustaba ó P.P. o que se decía, e engade que a él non lle deu de comer o P.P., senón que ó revés, que foi él o mellor o que lle deu cousas ó P.P. Apunta que él presentou as súas contas do que gañou en política, o seu cabeza de lista anterior non. E di que a democracia do P.P. para elixir ó novo portavoz ata estaba na lista él e incluso había falecidos, esa é a democracia do P.P. Engade que o que é máis democrático non o aceptan porque teñen que estar ó que lle digan dende arriba e decir amén.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que no programa de Zapatero se pensaba nun debate, e o P.P. non quere debate algún senón que pretende unha reforma con total escuridade, a veces falan da lista máis votada e outras dunha segunda volta.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose con 6 votos a favor correspondentes ó grupo do P.P., e 10 votos en contra correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e i.V.i, rexeitar a moción presentada polo P.P.

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. A FAVOR DO MANTEMENTO DO MODELO GALEGO DE COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUCTOS PESQUEIROS E CONTRA A SUBA DO IVE NOS PRODUCTOS DE PRIMEIRA NECESIDADE, NOMEADAMENTE OS PISCÍCOLAS.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que a moción presentada vai destinada ó sector pesqueiro, máis concretamente ó caso de Celeiro. Di que co borrador do goberno central do P.P. vaise conseguir un certificado de defunción para o sector pesqueiro de Celeiro, eliminándose a primeira venda en lonxa, e para o sector do mar de Celeiro é un gran golpe en canto ó emprego. Sinala que ademais no informe de “Lagares” se contempla unha nova proposta de reforma fiscal, subir tamén o IVE do 10% o 21%. Isto suporía un gran golpe para a Mariña, cunhas 1.600 persoas afiliadas ó réxime do kmar, multiplicado en terra por tres, polo que se presenta este acordo de instar ó goberno galego a reclamar ó Goberno Español medidas ante a remisión do borrador do Real Decreto que regula a primeira venda para impedir que esta se poida realizar nos MERDCAS, así como que non se aumente o IVE dos produtos de primeira necesidade,



nomeadamente os produtos procedentes da pesca, remitindo o acordo ós grupos políticos con representación no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que o informe “Lagares” tiña recomendacións de expertos do Ministerio de Facenda. Di que isto é extemporáneo, polo que pide que a retire porque chega tarde. Engade que o grupo do P.P. vai votar a favor porque se situou sempre á carón do sector pesqueiro, e engade que Galicia xa instou o que se propón, e o voto do P.P. propiciou que se adoptasen acordos neste sentido no Parlamento de Galicia, refrendándose por todos menos polo P.S.O.E. que se abstivo.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que o seu grupo vai votar a favor, xa que o sector pesqueiro é un sector esencial en Viveiro.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que o seu grupo está de acordo, xa que sería unha ruína para a Mariña, sería a ruína da comarca, e non se consultou primeiro ó sector.

Non existindo máis debate sobre este asunto, por unanimidade acórdase a aprobación da moción presentada polo Grupo Municipal do B.N.G., do seguinte xeito:

Primeiro.- A corporación municipal do Viveiro insta ó Goberno galego a reclamar do Goberno español medidas ante a remisión do borrador do Real Decreto que regula a primeira venda para impedir que esta se poda realizar nos MERCAS.

Segundo.- A corporación municipal de Viveiro insta ó Goberno galego a reclamar do Goberno español que non se aumente o IVE dos produtos de primeira necesidade, nomeadamente os produtos procedentes da pesca.

Terceiro.- Remitir o acordo ós grupos políticos con representación no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados.

10.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i. CONTRA A ELIMINACIÓN DOS REXISTROS CIVÍS DOS XULGADOS.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que esta moción chega de forma extemporánea ó pleno, porque xa se tomaron acordos dende esa data, e procede á lectura da moción, que en resumo di que o Consello de Ministros o 4 de xullo aprobou a privatización dos Rexistros Civís, aprobando un Real Decreto para que se sexa traspasado ós Rexistros Mercantís, atopando enfrontamentos cos secretarios xudiciais, os sindicatos e os xuristas. O rexistro civil está dixitalizado a partir de 1870 ata hoxe, costándolle ó pobo español 130 millóns de euros. Tamén hai un comunicado do Colexio de Rexistradores no que reiteran o seu desacordo. Pregúntase que vai pasar cos 2.500 funcionarios, estimando que se trata dunha privatización encuberata dun servizo público esencial, porque ditos rexistradores funcionan en réxime de negocio privado, facendo propios os feneficios derivados da súa función en vez de repercutir en toda a cidadanía. A desaparición dos Rexistros Civís como servizo público gratuito afectará a todos os cidadáns pero sobre todo ós que non viven nas grandes cidades porque terán que desprazarse. Propoñen adoptar un acordo de esixirlle ó Goberno de España o mantemento da oficina do Rexistro Civil de Viveiro, e en todo o Estado, por ser un servizo público, que os datos persoais dos cidadáns que son competencia do Rexistro Civil sexan xestionados exclusivamente por funcionarios públicos por merecer a



máxima protección, e solicitarlle á Xunta, Parlamento de Galicia e Deputación Provincial de Lugo e ós Concellos que conforman o Partido Xudicial de Viveiro, o seu apoio a que este servizo se siga prestando nos xulgados.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime De Olano Vela, para dicir que traen unha moción das que él dixo que non servían, que o Concello ten as competencias que ten. Engade que lendo a moción se da conta que o i.V.i non leu o Real Decreto, nin a lei do Rexistro Civil, xa que nada se di das mesmas, dicindo que se privatiza, e pedindo que se preste de forma gratuita e por funcionarios públicos. Engade que o artigo 274 da Lei Hipotecaria di que os rexistradores son funcionarios públicos que dependen do Ministerio de Xustiza, xa dende hai máis de 70 anos. Engade que está dixitalizado o sistema dende o 1870, entende que se fai referencia ó programa info-reg, que non está instalado en máis do 50%. Di que se trata dunha foto do documento orixinal, sendo imposible a súa modificación, polo que é un sistema pouco operativo, dando erros dende o seu inicio polo que dificulta a prestación do servizo. Respecto ó custo dille ó grupo do i.V.i. que lle proteste a quen o diseñou e o implantou, que non foi o P.P. Engade que o destino dos funcionarios do rexistro e persoal contratado seguirá prestando servizos e ningún perderá os eu traballo. Ademais todas as actuacións dos cidadáns ante o Rexistro terán un custo cero enon terán que desprazarse senón que poderán facelo incluso dende a súa propia casa, polo que será un servizo público e gratuito, anunciando que o seu grupo vai votar en contra.

Intervén a Sra. Alcaldesa, para dicir que nesta modificación se esconde nun Real Decreto Lei de 170 páxinas que aborda disposicións de varios Ministerios. Engade que non será unha norma tan boa xa que ten o rexeitamento de sindicatos, colexio, etc, a maiores de ser feita sen diálogo, recolléndose en Disposicións Adicionais e supoñendo outro atraco á xustiza.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Manuel Galdo Dopico para dicir que respecto ós Xulgados tiveron que vir a Galicia para ver o que había e logo recuar. Di que os rexistradores funcionan como empresa privada aínda que o seu réxime se asimile ós funcionarios. Engade que non ten tan clara a seguridade do emprego desas 2.500 persoas, así como a preocupación pola custodia de datos, engadindo que o Colexio de Rexistradores se manifestou en contra, e Rajoy tamén o é e ten dous irmáns en exercizo, sendo só unha cúpula dos rexistradores os que aceptan a norma, a maiores de que está por ver como vai a ser a gratuidade que se di.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que os 130 millóns de euros están gastados, e que o programa informático non funciona xa o sabemos todos, pero tampouco se poñen os medios para que funcione, porque nos xulgados non hai nin lámparas. Respecto ó que di o P.P. de que se achegan servizos ós cidadáns a través da informática di que en Galicia coa poboación envellecida hai moitos casos que non saben nin onde se encende o ordenador polo que se ese é o concepto de acercamento de servizos imos mal. Di que non entende porque anticipan un voto negaitvo porque entende que se se dá o que promete o P.P. na súa intervención estase a cumprir o que se pide na moción, que siga todo como está, e di que o de gratuidade están cansos de escoitalo, e di que tamén o decían na xustiza e agora coas taxas moitos cidadáns non recurren por non poder afrontar gastos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime De Olano Vela para dicir que a cercanía ós cidadáns debe adaptarse ós tempos nos que vivimos. Apunta que se o i.V.i lera as normas vería que os mesmos trámites se poderán facer nos xulgados de paza e notarias, e engade que a cercanía se mellora. Así engade que por exemplo no suposto dos nacementos non haberá que des-



prazarse porque o propio hospital será o que pase os datos e xa quedará realizada a inscrición de nacemento, e cando se dixitalice as Administracións poderán recabar datos directamente. Recalca que vai ser un servizo prestado polos Rexistradores Mercantís e gratuito, engadindo que estes levan os beneficios do seu traballo pero estas tramitacións van ser gratuitas. Dille á Sra. Alcaldesa que a norma do Real Decreto Lei ten 170 páxinas e pregúntase ata que número de páxinas valería, e respecto ó atraco di que atraco é que se teñan que pagar 98.000 euros pola súa incompetencia. Ó B.N.G. dille que a custodia de datos vaina ter un funcionario igual que agora.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que un atraco tamén era usar a “visa oro” e unha sentenza logo dixo que non sabía que ó non saber que non podía usala non se podía considerar delito. Engade que ata o de agora se ía a buscar un acta de matrimonio, certificado de nacemento, etc, e se expedía e se entregaba de forma gratuita, esperando que siga sendo igual.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Manuel Galdo Dopico, para dicir que cando dixo que non leu o Decreto e non é licenciado en dereito, e engade que no Pleno de Viveiro son fáciles grandes interpretacións pero anima ó Sr. De Olano Vela a que as faga no Congreso que é quen lle paga e que presente temas que afecten á Mariña. Apunta a que leu que unah élite dos rexistradores foron os que apoiaron a norma, di que ten pouca credibilidade, moitos sectores en contra e engade que os feitos son teimudos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que ninguén se entera de nada só o P.P.. Engade que no Real Decreto pon Rexistradores Mercantís, e di que no Rexistro da Propiedade tamén había servizos que a Xunta de Galicia eliminou, e di que non entende que se vote en contra de que se pida que se manteñan os Rexistros Cívís proque hai moita xente que non poderá facer os trámites vía telemática. Di que o único que se pide e que quede como está e gratuito. Engade que non dixo que os 130 millóns os gastara o P.P., dixo que se tiraran.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. , D. Jaime De Olano Vela para dicir que o i.V.i dixo que antes os Rexistros da Propiedade eran oficinas liquidadoras e entón parécelle mal que o fagan funcionarios da Administración autonómica, e agora, parécelle mal o contrario. Di que os 2.500 traballadores vanse dedicar á labor xurisdiccional, ese é o aforro, e engade que é fácil de entender. Di que o seu grupo quere que as cousas melloren, e que se vai prestar igual por funcionarios públicos e de xeito gratuito, e o oturo persoal poderá dedicarse á xustiza. Dille ó B.N.G que se non o veu intervi no Congreso ánimo a que mire os vídeos que son públicos, e respecto a que o B.N.G. fale de credibilidade di que non vai dicir nada para logo ter que retiralo. Dille á Sra. Alcaldesa que o atraco que manifestou da “visa oro” non se refire a él senón a outra persoa e os xulgados xa dixeron que non había reproche, e engade que os que están aquí ó mellor non poden dicir nada, polo que non debe cuspir tan alto. Manifesta por último que incluso hai casos nos que a Administración poderá recabar directamente a información.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que no seu caso pode ser por outras cousas pero por usar a “visa oro” non.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procedéndose á votación, acordándose con 6 votos en contra correspondentes ós grupo do P.P. e 10 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e i.V.i., aprobar a moción presentada polo i.V.i., do seguinte xeito:



Primeiro.- Esixirlle ó Goberno de España o mantemento da oficina do Rexistro Civil en Viveiro, así como en todas as do Estado, por ser un servizo público profundamente arraigado nas vilas, cercano, gratuito e próximo á cidadanía que ten que ser protexido e mellorado.

Segundo.- Que os datos persoais dos cidadáns que son competencia do Rexistro Civil sexan xestionados exclusivamente por funcionarios públicos por merecer a máxima protección, ademais de manter a gratuidade de todos os trámites e certificacións, tal e como ocorre na actualidade.

Terceiro.- Solicitalles, á Xunta de Galicia, ó Parlamento de Galicia, á Deputación Provincial de Lugo e tamén ós Concellos que forman o partido xudicial de Viveiro, o seu apoio a que este servizo se siga prestando nos xulgados.

11.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.I. RESPECTO Ó PAZO DE GRALLAL DE COVAS.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, que procede á lectura da moción, que en resumo di que en varias ocasións xa se trouxo dende o i.V.i. esta proposta para adquirir para o patrimonio do Concello o Pazo de Grallal, un edificio que data do século XVI, e conta cun importante arquivo, onde se garda unha gran parte da historia de Viveiro e da provincia, ademais de grandes valroes históricos e artísticos, e di que ante o coñecemento da posta á venda por parte do herdeiro, e que está en estado de abandono dende o ano 2006, propoñen ó Pleno que se adopte o acordo de facer as xestións necesarias co herdeiro para coñecer as pretensións do mesmo, coa finalidade da súa adquisición, e unha vez coñecida a cantidade se realicen as xestións coas administracións Estatal, Autonómica e Provincial para poder adquirilo para o patrimonio do Concello.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Celestino García Paz, para dicir que o grupo do P.P. vai votar a favor desta moción, xa que sempre mostrou tamén o seu interese para conseguilo e recorda o acordo plenario de 22 de decembro de 2008 e outras mocións presentadas. Di que o pazo está bastante deteriorado e trátase dunha oportunidade única.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o grupo do P.S.O.E. tamén está a favor, e que por parte do anterior Alcalde xa se fixo algunha xestión que non chegou posteriormente a ningún acordo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Manuel Galdo Dopico, para dicir que o seu grupo tamén está a favor, recoñecendo a singularidade deste edificio. Engade que queren matizar que tamén se adquiriron polo Concello outros edificios, como o Hotel Venecia, o Pazo da Misericordia, nus 600.000 euros e 900.000 euros respectivamente e no primeiro está o conservatorio e o segundo practicamente úsase de almacén. Tamén a Casa de Calvo Sotelo, que está sen rematar a súa rehabilitación, e o seu aspecto dista bastante do esperado. Desexan que as Administracións máis ou menos amigas axuden e que se sexa máis rápido na súa rehabilitación para que os veciños podan disfrutar destes bens.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o Pazo da Misericordia non é un almacén senón que nel se celebran bodas, e a parte da baixo úsaa a Banda da Misericordia.



Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G. D. Manuel Galdo Dopico para dicir que gastar 900.000 euros para ter só ese uso entenden que é un pouco esaxerado.

Non existindo máis debate sobre este asunto acórdase por unanimidade aprobar a moción presentada polo i.V.i., do seguinte xeito:

Primeiro.- Que por parte do Concello de Viveiro, se fagan as xestións necesarias co herdeiro, para coñecer as pretensións do mesmo, coa finalidade de poder adquirir o Pazo de Grallal.

Segundo.- Unha vez coñecida a cantidade, realizar as pertinentes xestións coas administracións Estatal, Autonómica e Provincial ó obxecto de poder adquirilo para o noso patrimonio municipal.

12.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i. RESPECTO Ó DERRUBAMENTO DAS NAVES DO MUELLE DE VIVEIRO.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, que procede á lectura da moción que en resumo di que dende hai moito tempo se escoita o compromiso de executar un proxecto para o antigo peirao de Viveiro, que ademáis de eliminar os galpóns, se configurarían espazos de lecer cun xardín público. Dende Portos de Galicia indicaron en varias ocasións que o Concello aínda tiña dúas naves, dende finais de xuño entendeuse que xa se desaloxaron e entregaron ó departamento autonómico. Temen que ata o ano seguinte non se fagan actuacións xa que en maio hai eleccións municipais, propoñendo que se acorde solicitar a Portos de Galicia o derrubamento inmediato das naves que xa non teñen concesión ou aluguer, e solicitar a relación das concesións en vigor, apra que dende ambas administracións, Xutna de Galicia e Concello se fagan as pertinentes xestións para dar por rematadas as mesmas, e dunha vez por todas quede o espazo do vello peirao libre de edificacións, para que posteriormente se proceda a súa rehabilitación, como zona de lecer e aparcamentos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodila para dicir que o seu grupo está de acordo, e recorda que incluso se levou no programa electoral, e sería unha das actuacións prioritarias. Di que os procedementos de rescate levan uns trámites.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o seu grupo está a favor, e di que ó chegar á Alcaldía unah das primeiras cousas foi pedir unha cita co presidente de Portos para preguntar por este tema. Di que foi en marzo, e engade que o Concello xa rematou a concesión e se lle deu coñecemento a Portos. Engade que a relación co Presidente de Portos foi cordial, que ata agora resolveu os problemas que se lle plantexaron dende o Concello. Engade que os galpóns son un punto negro no centro de Viveiro.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G. , D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo está a favor, que xa veñen recordando dende hai moito tempo esta situación, que é culpa do mal entendemento entre dúas formacións políticas, P.P. e P.S.O.E., xa que se para retirar a concesión do Porto Deportivo se fixo sen problema, pero agora aquí para retirar o uso dos galpóns todo son problemas, polo que o que falta é a vontade política, que de existir xa estarían retiradas as concesións e os galpóns. Di que agora non interesa dar un punto de victoria a ninguén, e isto págano os veciños de Viveiro que teñen fronte ás súas vivendas un espazo de postguerra. Di que o proxecto leva tres días facelo, o resto son enganos á cidadanía.



Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que non sería tan difícil que dúas formacións políticas se sentasen para solucionar un problema.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicirlle ó B.N.G. que cando gobernou o P.S.O.E. en Galicia foi un bipartito.

Non existindo máis debate procédese á votación acordándose por unanimidade, aprobar a moción presentada polo B.N.G., do seguinte xeito:

Primeiro.- Solicitar a Portos de Galicia o derrubamento inmediato das naves que xa non teñen concesión ou aluguer.

Segundo.- Solicitar a relación das concesións en vigor, para que dende ambas administracións, Xunta de Galicia e Concello se fagan as pertinentes xestións para dar por rematadas as mesmas, e dunah vez por todas quede o espazo do vello peirao libre de edificacións, para que posteriormente se proceda á súa rehabilitación, como zona de lecer e aparcamentos.

13.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i. DE REXEITAMENTO Á ANULACIÓN DAS AXUDAS ÓS AUTÓNOMOS POR PARTE DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias que procede á lectura da moción, que en resumo di que no ano 2013 a Consellería de Traballo e Benestar convocou as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, e que en anos anteriores os investimentos que non se cubrían coas aptidas orzamentarias do exercizo en curso pasaban ó ano seguinte. Pero no 2013, no que as axudas estiveron abertas practicamente un mes, o 13 de xuño de 2014 publicouse a resolución do 8 de maio no que se da por esgotado o crédito orzamentario e procedrase a desestimación das axudas. Entenden que os autónomos que se deron de alta no último trimestre do 2012 e no exercizo 2013 están sendo discriminados posi correspóndelles unha menor partida do orzamentos, xa que unha boa parte cubríronse con expedientes do 2012. A Consellería remítelles ós interesados unha resolución desestimatoria que di que procede denegar a axuda solicitada por esgotamento de crédito, e propoñen adoptar un acordo de instar á Xunta de Galicia para a revocación da resolución de 8 de maio de 2014, e instar ás distintas formación políticas do parlamento autonómico para que en dito parlamento, se acorde que os expedientes que cumpran as condicións sexan tidos en conta, no presente exercizo e se lles paguen as axudas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que a normativa vixente, a Orde do 19 de agosto de 2013 establece na Disposición Adicional Cuarta que as axudas estarán suxeitas á existencia de crédito. Di que non facer isto suporía un incumprimento da lei e perder fondos europeos. Engade que a cuantía é maior que en anos anteriores e seguiuse estritamente a orde de presentación de solicitudes, polo que os que non o presentaron a tempo non poden pretender obter a axuda. Engade que de existir irregularidades hai posibilidade de recursos, que non os houbo. Apunta tamén que o que se pretende anular contén unhalista de beneficiarios cos seus dereitos, e recalca que se trata de axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, polo que esta é unha moción irresponsable.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o seu grupo vai votar a favor. Di que entende que hai que colaborar cos sectores máis perxudicados nesta situación de crise. Engade que ante o Concello de



Viveiro nin contestaron a subvencións como a da Escola Taller, collendo a dinámica de non contestar ás solicitudes.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o seu grupo vai votar a favor. E quere deixar entre comiñas que sexa un criterio obxectivo a orde de presentación de solicitudes.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que cree que non se leu a moción, e recalca que o que se di na mesma é que se gastou con expedientes do exercizo anterior (2012), e entón os autónomos que se deron despois de alta, non entraron, porque parte dese diñeiro esgotouse con solicitudes de exercizos anteriores. Estase pedindo algo que lles corresponde a todos. Dille ó P.P. se ve ben que se deneguen axudas por entrar a valorar se un programa informático que adquirín puiden conseguilo de xeito gratuito, e que tampouco se admitan transferencias bancarias dun membro dunha comunidade de bens que paga unha factura dende a súa conta. Para recurrir hai que ir a un contencioso e hai que pagar taxas, que moitos non poden facelo.

Non existindo mási debate sobre este asunto procédese á votación acordándose con 6 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P. e 10 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e i.V.i., aprobar a moción presentada polo i.V.i., do seguinte xeito:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia para a revocación da resolución de 8 de maio de 2014.

Segundo.- Instar ás distintas formacións políticas do parlamento autonómico apra que en dito parlamento se acorde que os expedientes que cumpran as condicións sexan tidos en conta no presente exercizo e se lles paguen as axudas.

14.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i. DE RETIRADA DA PLACA SITA NA INSUA CO NOME DE “JAUME MATAS PALOU” (EXMINISTRO DO PARTIDO POPULAR).

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que se propón a retirada desta placa porque o Sr. Jaime Matas é un chorizo democrático, propoñendo tamén que se retire outra placa que está en Area.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que vai ler o que pon a placa sinalando que pon que foi inaugurado o parque Etnográfico da Insua sendo Ministro de Medio Ambiente, D. Jaime Matas Palou e Alcalde, D. César Aja Mariño. Engade que ó mellor o que máis molesta é o segundo nome, e recorda que non é un lugar dedicado ó ministro, senón algo que forma parte da historia, unha inauguración que se fixo sendo esa persoa ministro. Di que se importara a Insua podía pedirse que se asfaltara a estrada que vai alí, que se arranxara o alumeadado, etc, pero non que se retire esa placa. Propón que en vez de retirarse se bborre o nome de Jaime Matas, e se deixe que o inaugurou o Ministro de Medio Ambiente e o Alcalde, e anuncia que salvo que se acepte a retirada sen quitar a placa senón só borrando o nome votarán en contra.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que se podería esmirilar.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o seu grupo vai votar a favor.



Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo vai votar a favor, e dille ó i.V.i. que no caso de Rodrigo Rato se abstuvo. Di que están en contra de que se quite só o nome, que se debe ter criterio.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que se mantén a moción como se presentou.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación acordándose con 6 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P. e 10 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e i.V.i., aprobar a moción presentada polo i.V.i., do seguinte xeito:

Primeiro.- Retirar a placa que nestes momentos se atopa no lugar do mirador da Insua da parroquia de Covas, co nome de Jaume Matas Palou.

15.- ROGOS E PREGUNTAS.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que tende en conta a hora que é propón que se conteste pola Sra. Alcaldesa ás preguntas por escrito.

Non manifestándose oposición polo resto de grupos acórdase que a Sra. Alcaldesa contestará por escrito ás preguntas e rogos presentados, remitindo copia a todos os grupos.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 23:50 horas do día 4 de setembro de 2014, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.